

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11476 *Real decreto lei 4/2016, do 2 de decembro, de medidas urxentes en materia financeira.*

I

Nos últimos anos o sector financeiro español experimentou unha profunda transformación. Os resultados positivos son evidentes, ao superaren as entidades financeiras españolas as probas desenvolvidas pola Autoridade Bancaria Europea e ao volver cumprir a función primordial que teñen encomendada, isto é, a canalización do aforro en investimento, que se fai patente na recuperación de fluxos positivos de crédito á economía real.

Non obstante, algúns dos protagonistas da recuperación e transformación do sector financeiro español, o FROB e a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (en diante, Sareb) requiren de determinadas modificacións puntuais do seu réxime xurídico, cuxa urxencia vén xustificada por razóns de interese público.

Paralelamente, na Unión Económica e Monetaria estase desenvolvendo o proxecto de Unión Bancaria, en que un dos seus elementos fundamentais é a existencia dunha autoridade común de resolución, o Mecanismo Único de Resolución. Para garantir o cumprimento dos seus fins, e de forma transitoria, os Estados membros deben pór á disposición da Xunta Única de Resolución un financiamento ponte até que se alcance a plena mutualización do Fondo Único de Resolución.

Este real decreto lei consta de tres artigos nos cales se regulan determinados aspectos relacionados co Fondo Único de Resolución, co réxime contable específico da Sareb e co prazo de desinvestimento polo FROB nas entidades en que participa.

II

Polo que se refire ao artigo 1, a Unión Bancaria é na actualidade un dos proxectos máis relevantes para afondar na integración dos Estados membros da Unión Económica e Monetaria. Entre os obxectivos da Unión Bancaria encóntrase reducir a fragmentación dos sistemas bancarios europeos e acabar co vínculo entre risco bancario e soberano para reducir a probabilidade de novas crises financeiras.

Un dos piares do proxecto de Unión Bancaria é o Mecanismo Único de Resolución, en vigor desde 2015. Este mecanismo ten encomendada a resolución das entidades financeiras dos Estados membros que forman parte da Unión Bancaria.

O Mecanismo Único de Resolución apóiase no Fondo Único de Resolución, que entrou en funcionamento o 1 de xaneiro de 2016 e será dotado progresivamente polas contribucións bancarias durante un período transitorio, que terá lugar entre 2016 e 2024, até alcanzar un tamaño equivalente ao 1 % dos depósitos garantidos.

Inicialmente, o Fondo estará compartimentado por países e irase mutualizando progresivamente ao longo dun período de oito anos. O 8 de decembro de 2015, o Ecofin acordou que os Estados membros participantes na Unión Bancaria puxesen á disposición da Xunta Única de Resolución unha facilidade de préstamo para garantir o financiamento suficiente do Fondo Único de Resolución. Estas facilidades de préstamo individuais serán unicamente empregadas como mecanismo de última instancia.

A autorización ao ministro de Economía, Industria e Competitividade para a sinatura do contrato de facilidade de préstamo coa Xunta Única de Resolución e a habilitación á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para realizar as operacións derivadas dese contrato débese realizar de forma urxente xa que o prazo límite para a sinatura deste

acordo de facilidade de préstamo concluíu o pasado setembro de 2016, e o Reino de España é un dos escasos Estados membros pendentes de celebrar o contrato coa Xunta Única de Resolución. Considérase, por tanto, que concorren os supostos de extraordinaria e urxente necesidade do artigo 86 da Constitución española.

III

En relación co artigo 2, a Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, previu que a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. (Sareb) debería cumprir coas obrigacións xerais de formulación de contas anuais coas especificidades necesarias para asegurar a consistencia dos principios contables que lle sexan de aplicación co mandato e os obxectivos xerais da sociedade establecidos na dita lei e os que se fixen regulamentariamente.

No marco deste réxime, a citada Lei 9/2012, do 14 de novembro, habilitou o Banco de España para fixar un marco de valoración da carteira da Sareb, que se concretou mediante circular. Sen alterar o fondo do dito marco, a presente modificación especifica máis concretamente o esquema de rexistro das eventuais minusvalías resultantes da aplicación da normativa contable que se realizará no patrimonio neto da sociedade.

Mediante esta forma de rexistro asegúrase que o seu réxime contable é coherente co mandato de desinvestimento a longo prazo que ten que desenvolver a Sareb e que se considerou no Memorando de entendemento sobre condicións de política sectorial financeira acordado coas autoridades internacionais. Os efectos da aplicación desta norma trataranse contablemente como cambio de criterio contable.

A extraordinaria e urxente necesidade da reforma obedece a que a volatilidade da evolución do mercado inmobiliario xa tivo un impacto nas contas da entidade, o que obrigou á realización de modificacións estruturais. Se antes do peche de contas de 2016 non se toman medidas, esta volatilidade volvería ter un serio impacto, coas consecuencias xurídicas que isto implica, e comprometer a viabilidade a medio prazo da entidade. Todo isto suporía un incumprimento sobrevido das condicións do Memorando de entendemento e unha inconsistencia grave co mandato e os obxectivos xerais da Sareb.

IV

O artigo 3 deste real decreto lei modifica a disposición transitoria primeira da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, co fin de ampliar os prazos para o desinvestimento en empresas participadas.

O artigo 31.4 da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, establecía un prazo máximo de cinco anos, contados desde a data da súa subscripción ou adquisición, para o desinvestimento polo FROB das accións ordinarias ou achegas ao capital social que adquirise no marco dos procesos de reestruturación e resolución.

Ben que a Lei 9/2012, do 14 de novembro, foi derogada na súa práctica totalidade pola Lei 11/2015, do 18 de xuño, aquela segue sendo de aplicación aos procedementos de reestruturación e resolución iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste último texto legal.

A consecuencia da subsistencia transitoria deste réxime é que o FROB debe proceder ao desinvestimento nas entidades nas cales participa nun prazo de tempo determinado, o que resta por cumprirse dos mencionados cinco anos, que resulta manifestamente insuficiente, pois as exigencias normativas e técnicas e a experiencia demostran que os procesos de desinvestimento deste tipo de entidades requiren dun período de tempo superior a un ano.

O desinvestimento destas entidades no dito prazo dificultaría seriamente o cumprimento dun dos obxectivos principais da resolución, que é asegurar a utilización máis eficiente dos recursos públicos, posto que se tería que producir con rapidez e á

marxe das condicións do mercado. E é precisamente este risco o que xustifica a extraordinaria e urxente necesidade da medida e, polo tanto, a súa adopción mediante real decreto lei.

Por tanto, a modificación proposta estende o prazo de desinvestimento en dous anos adicionais, desde os cinco actuais até os sete, coa posibilidade de que, se é necesario para o mellor cumprimento dos obxectivos da resolución, este prazo sexa ampliado novamente polo Consello de Ministros.

V

A parte final deste real decreto lei consta dunha disposición derogatoria única, en que se ordena a derogación de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei, e de dúas disposicións derradeiras que regulan, respectivamente, os títulos competenciais en virtude dos cales se adopta o real decreto lei e o seu réxime de entrada en vigor, que terá lugar o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

VI

No contexto sinalado no punto I desta exposición de motivos, resulta de capital importancia garantir sen dilación a efectividade da reforma nos tres ámbitos descritos, tal e como se expuxo na explicación de cada un deles.

Por todo isto, nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a esta figura normativa.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. Habilitación ao ministro de Economía, Industria e Competitividade para a concesión dunha facilidade de préstamo á Xunta Única de Resolución para a cobertura das necesidades transitorias do Fondo Único de Resolución.

1. Autorízase o ministro de Economía, Industria e Competitividade para asinar o Acordo de facilidade de préstamo entre o Reino de España e a Xunta Única de Resolución polo cal se pon á disposición da Xunta Única de Resolución un importe de até 5.291.000 miles de euros como mecanismo de apoio común durante o período transitorio do Fondo Único de Resolución. As condicións da citada facilidade de préstamo axustaranse ás acordadas polos Estados membros. Autorízase igualmente o ministro de Economía, Industria e Competitividade para modificar a facilidade de préstamo, incluído o seu importe, así como para conceder outro tipo de financiamento ponte á Xunta Única de Resolución que se poida acordar no marco do citado período transitorio.

2. Habilítase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para a xestión desta facilidade de préstamo e, en xeral, das que se poidan conceder como financiamento ponte, para que leve a cabo as operacións e desembolsos necesarios con cargo a operacións de tesouraría. Os desembolsos terán a consideración de operacións non orzamentarias. Imputaranse ao orzamento de gastos da Administración xeral do Estado en cada exercicio as operacións de desembolso que se realicen entre o 1 de decembro do exercicio anterior e o 30 de novembro do exercicio corrente, para o cal se levarán a cabo as modificacións orzamentarias que resulten oportunas. Os reintegros imputaranse ao orzamento de ingresos da Administración xeral do Estado do exercicio en que se produzan.

Artigo 2. *Modificación da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

Modifícase a letra c) do número 10 da disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que queda redactada nos seguintes termos:

«c) As correccións valorativas que resulten necesarias por aplicación da letra b) anterior calcularanse por unidades de activos. Para tal efecto, considerarase como unidade de activos cada categoría de activos individualmente descritos no artigo 48.1 do Real decreto 1559/2012.

As correccións valorativas das unidades de activos, netas do seu efecto fiscal, recoñeceranse no balance con cargo a unha conta da epígrafe «Axustes por cambio de valor», dentro do patrimonio neto. O saldo debedor desta conta imputarase á conta de perdas e ganancias cando o resultado do exercicio sexa positivo, pola totalidade deste importe. Para estes efectos, considerarase o beneficio antes de impostos da compañía sen considerar a eventual devindicación da retribución do financiamento subordinado.

Os axustes a que se refire o parágrafo anterior pendentos de imputar á conta de perdas e ganancias non se considerarán patrimonio neto para os efectos da redución obrigatoria de capital social e da disolución obrigatoria por perdas, de acordo co disposto na regulación legal das sociedades de capital.»

Artigo 3. *Modificación da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.*

O número 1 da disposición transitoria primeira da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, queda redactado da seguinte maneira:

«Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable a determinados procedementos de reestruturación, recuperación e resolución.*

1. Os procedementos de reestruturación e resolución iniciados con anterioridade á entrada en vigor da lei, así como todas as medidas accesorias que os acompañasen, incluíndo os instrumentos de apoio financeiro e a xestión de instrumentos híbridos, continuarán regulándose, até a súa conclusión, pola normativa de aplicación anterior á entrada en vigor desta lei.

Non obstante o anterior, nos procedementos de reestruturación e resolución previstos no parágrafo anterior o prazo a que se refire o artigo 31.4 da Lei 9/2012, do 14 de novembro, será de 7 anos. Este prazo poderá ser ampliado por acordo do Consello de Ministros adoptado por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade e logo do informe do Ministerio de Facenda e Función Pública e do FROB, cando se considere necesario para o mellor cumprimento dos obxectivos da resolución.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución, que atribúen ao Estado as competencias sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito e da banca e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de decembro de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY